

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NO CLUB COMPOSTELÁN DADO DADÁ, ESTE XOVES

Xavier Queipo presenta 'Dragona' a ritmo de jazz

Cada vez máis autores optan por sacar as presentacións dos seus libros do seu contexto habitual e levalas aos bares, mesturalas coa música e copas e achegar a literatura a outros soportes. Puidemos coñecer recentemente as [Palabras contadas](#) de Camilo Franco, e desta vez é a novela *Dragona*, de Xavier Queipo, a que será presentada nun dos clubs de jazz máis famosos de Galiza, o Dado Dadá compostelán. Alí estarán o autor, o editor de [Xerais](#), Manuel Bragado, e Mister Choco para pinchar a música que sae na novela, o xoves 8 a partir das 20.00.

- 09:25 06/02/2007

Nunha cidade sumidoiro, "a cidade do esteiro", desenvólvese a vida dunha serie de personaxes atípicas chegadas dos catro cantos do mundo, que transitan entre a desesperación e a lubricidade, entre o comportamento fútil e as paixóns máis primarias. *Dragona* é unha novela de personaxes con banda sonora, que vai polos camiños máis inexplorados da literatura galega, analiza sentimentos e paixóns coma se fosen tecidos dun corpo único. Busca esa incerteza que Cortázar chamaba "o outro lado".

Xavier Álvarez Vázquez naceu en Compostela hai cincuenta anos, licenciouse en Bioloxía e Medicina e Cirurxía, e dende 1989 vive e traballa en Bruxelas como funcionario da Unión Europea. Entre a súa obra narrativa destacan as novelas *Ártico e outros mares* (1990), Premio da Crítica Española, *O paso do noroeste* (1996), ou *Malaria sentimental* (1999); tamén os libros de relatos *Ringside* (1993), *Diarios dun nómada* (1993), ou *O ladrón de esperma* (Xerais 2002), Premio Café Dublín. Ten escrito poesía (o máis recente é *Pegadas*, publicado o ano pasado na colección "Poeta en Compostela"), traducido autores franceses (Hervé Guibert, Amin Maalouf) e ingleses (Joseph Conrad, James Joyce), e colaborado con varios medios, como [Vieiros](#), [A Nosa Terra](#) ou a revista [Grial](#).